



MOCIÓN

---

## MÁIS CICLOS FORMATIVOS

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, coa política de desmantelamento do ensino público, impede-lle a moito alumnado galego cursar un ciclo formativo nos centros públicos, facilitando o desvío de alumnado á rede privada ou a aumentar as listas do paro.

Mais a gravidade acentua-se xa que, unha parte importante dos mozos e mozas solicitantes, non só quedan fóra da primeira opción senón que tampouco terán praza nen na elixida no último lugar e, consecuentemente, sen alternativa de futuro na súa formación nen acceso ao mundo laboral, agás que se dirixan á rede privada sempre que teñan posibilidades económicas suficientes.

Se a Xunta de Galiza adoptara a decisión de aumentar o número de alumnos/as por grupo nos centros públicos, co mesmo tratamento dado aos centros privados que permite 30 persoas por grupo, e se autorizara dous grupos ou máis, nas quendas de mañá e/ou tarde-noite nos citados centros públicos e nos ciclos con máis demanda de prazas, conseguiríamos aumentar tanto o número de prazas ofertadas ao alumnado como os postos de traballo do profesorado.

Se a Xunta de Galiza fixera públicas as listas de espera de todos os ciclos dende o inicio do proceso e a relación de alumnado que quedou sen praza, a cidadanía deste país podería comprobar o alcance desta situación que afecta gravemente a mozos e mozas.

Esta política da Xunta de Galiza de reducir o número máximo de alumnado de determinados ciclos formativos, de impedir os desdobres nos ciclos experimentais, de non autorizar máis dun grupo por ciclo na rede pública diurna e nocturna ou de non equilibrar o esforzo do investimento de fondos europeos na infraestrutura que imparte os ciclos formativos ás exixencias da LOXSE, prexudica ao alumnado galego ao substraer-lle a igualdade de oportunidades e o acceso a determinados ciclos formativos e prexudica ao profesorado ao mirar modificado ou anulado o seu posto de traballo por mor da política restrictiva que aplica no ensino público.

Por outra parte, ademais de resolver o grave problema actual é necesario actualizar a oferta de ciclos formativos que responda á demanda real, tendo en conta as necesidades sócio-laborais, unha adecuada distribución xeográfica que garanta o principio básico da igualdade de oportunidades e unha planificación en función das necesidades e potencialidades do país.

Por iso, o **GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN VILAGARCÍA**, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

### ACORDO

#### 1. Demandar da Xunta de Galiza:

- 1.1. O aumento do número de alumnos e alunas por grupo nos centros públicos, naqueles ciclos onde existe demanda, permitindo o desdobre nos módulos prácticos e autorizar dous grupos ou máis tanto nas quendas de mañá como nocturnas, neste curso 2002-2003.
- 1.2. Facer públicas as listas de espera de todos os ciclos formativos dende o inicio do proceso para os cursos vindeiros e xá a relación de alunado que queda sen praza para este curso.
- 1.3. Facer unha oferta de ciclos formativos que responda á demanda real, necesidades sócio-laborais, distribución xeográfica e a unha planificación en función das necesidades e potencialidades de Galiza.

#### 2. Dirixir o presente acordo ao Parlamento Galego e Xunta de Galiza.

Vilagarcía, 10 de outubro de 2002

Xosé Castro Ratón

Voceiro

**SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA**